

EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA.

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 22.06.20, aprobou inicialmente o Proxecto de Urbanización para o desenvolvemento urbanístico e edificatorio do Plan Parcial de Ordenación do sector de solo urbanizable delimitado SUD-R06 Avenida de Vigo, presentado en data 30.10.19 por D. Simón Hernández García (en repr. da Xunta de Compensación), e redactado por Sitag Arquitectura S.L.P (sociedade colexiada núm. 20263 do COAG), representada polo arquitecto, D. Ramón Corrochano Royo, de data outubro de 2019 (non visado).

O apuntado Proxecto de Urbanización sométese a trámite de información pública, para xeral coñecemento, polo prazo dun mes computable a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión da mesma e da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, na páxina web oficial municipal e na sede electrónica municipal; e, con independencia da súa notificación aos propietarios afectados), a fin de que calquera persoa física ou xurídica poda examinalo (así como o expediente do que trae causa), e, de se-lo caso, formular alegacións/suxestións.

A tal efecto, atoparase fisicamente dispoñible nas dependencias da Área municipal de Urbanismo, no 3º andar da Casa do Concello (de luns a venres, agás festivos, entre as 09:00 e as 14:00 horas).

A Estrada, 1 de xullo de 2020.
O ALCALDE,
Asdo./ José C. López Campos.
* (Sinatura dixital ao marxe)

